

RESUMO DE CONTIDOS

Unha luminosa Idade Media

Xeografía e Historia |
2º ESO



Índice

Uns séculos non tan escuros.....	2
Unha longa Idade Media.....	2
Unha sociedade estamental.....	2
O feudalismo.....	4
A muller na Idade Media.....	4
Castelos e fortalezas.....	6
Os cabaleiros.....	7
A arte na Idade Media.....	8
A arte románica.....	8
A arquitectura románica.....	9
O primeiro románico.....	9
O románico pleno.....	9
O románico final.....	11
A escultura románica.....	12
A pintura románica.....	13
A arte gótica.....	14
A arquitectura gótica.....	14
A escultura gótica.....	16
A pintura gótica.....	17
A arte hispanomusulmana.....	17
O Islam e a súa influencia na arte.....	17
A cidade musulmá. A Medina.....	18
A Mesquita. O edificio relixioso.....	18
A arte hispanomusulmá.....	18

Uns séculos non tan escuros

Nesta unidade imos seguir adentrándonos no mundo da Idade Media en Europa. Deste xeito continuaremos a aprender sobre a realidade histórica e a desbotar ideas erróneas ou falsas que habitualmente soemos escoitar cando a xente fala da Idade Media coma dun período escuro e bárbaro

Unha longa Idade Media

Unha sociedade estamental

A sociedade medieval estaba dividida en estamentos: o clero, formado polos relixiosos e relixiosas; a nobreza, formada polos nobres, dos que os reis e as raíñas eran os máis importantes representantes; e os traballadores, formado polo campesiñado, mercadores e artesáns. De acordo con Adalberón de Laón, cada estamento tiña a súa función: o clero rezaba polas almas dos nobres e dos traballadores, a nobreza loitaba e defendía ao clero e aos traballadores, e os traballadores cultivaban os campos e realizaban traballos de artesanía para o clero e a nobreza. Os dous primeiros estamentos, o clero e a nobreza, eran os privilexiados, xa que tiñan unha serie de dereitos e privilexios que non posuía o resto. Estes dous estamentos controlaban a sociedade exercendo o seu poder dende a política e a relixión.

O clero: estaba formado polos sacerdotes, monxes e monxas que constituían a Igrexa. Na Europa medieval a relixión maioritaria era o cristianismo, aínda que había xente que tiña outras relixións, como xudeus e musulmáns. Dentro do clero estaban os monxes e as monxas, que vivían en mosteiros apartados das cidades e eran autosuficientes: os mosteiros funcionaban como verdadeiras aldeas e producían case todo o que precisaban para a súa vida diaria. Estes monxes e monxas formaban o chamado clero regular, porque vivían sometidos a unha regra ou normas de convivencia e traballo. Nas cidades estaba o clero secular. A palabra vén de século, que é como lle chamaban ao mundo laico ou non relixioso. Estes homes facían o mesmo traballo que os curas das parroquias de hoxe en día. Décheste de conta de que dixemos "estes homes"? Na Igrexa católica as mulleres, aínda hoxe, non poden ser sacerdotes. É dicir, non poden dicir misa e soamente poden ser monxas.

A nobreza: era o grupo de aristócratas que gobernaban nos diferentes territorios. De seguro que che sonan títulos como duque, conde ou marqués. Estes títulos facían referencia ao territorio onde gobernaban: un ducado, un condado ou un marquesado. Os títulos pasaban de pais a fillos, e soamente o rei podía crear novos títulos nobiliarios.

Entre as funcións da nobreza estaba a de facer a guerra para defender ao reino. Pensa que na Idade Media as guerras eran algo habitual, e ás veces duraban moitos anos. A nobreza tiña a obriga de enviar tropas cando o rei o precisaba, e para iso cobraban impostos e administraban grandes territorios en nome da coroa. Para adestrar en tempos de paz, a nobreza cazaba e organizaba torneos: de seguro viches algunha película na que varios cabaleiros se enfrontan con lanzas. Nestes torneos os cabaleiros e os seus escudeiros exercitábanse para manter a boa forma física e o dominio das armas.

Dos séculos once ao trece (XI-XIII) as armas que empregaban eran as espadas, as lanzas, as mazas e os machados. Para defenderse levaban escudos, e os cabaleiros máis ricos podían levar armaduras, que foron evolucionando durante toda a Idade Media ata chegar á armadura de placas completa.

Por outra parte, a caza era un deporte reservado só aos nobres, xa que as fragas e os animais que vivían nelas considerábanse propiedade da coroa e os traballadores non podían acceder libremente. Nin sequera podían cortar leña sen permiso!

Mentres que os traballadores máis pobres vivían en casas de madeira ou barro, a nobreza vivía en pazos e castelos. A medida que avanzaba a Idade Media, as modas foron cada vez máis ostentosas e o estilo de vida máis luxoso.

O campesiñado: en moitos libros de texto faise referencia ao terceiro estamento como ao "campesiñado", pero este termo non é de todo correcto. Os non privilexiados eran todos aqueles que non eran nobres ou relixiosos, polo que comprendía traballadores da terra, mercadores, tecedoras, cantantes, zapateiras, albaneis, carniceiras... canta profesión podades imaxinar, pertencía ao terceiro estamento. A súa función era traballar e manter aos outros dous estamentos a cambio do seu coidado: a nobreza protexíaos en caso de guerras e gobernaba, mentres que o clero coidaba das súas almas.

Dentro do terceiro estamento había grandes diferenzas: non vivía igual un campesiño que un mercador, e non se vivía igual nunha aldea de Galicia que nunha cidade como París ou Roma. O que si era igual en todas partes era a dificultade da xente non privilexiada para acceder a un estamento privilexiado. No caso da nobreza, o rei podía crear novos títulos e facer nobre a unha persoa, pero era algo extremadamente difícil. Por outra banda, os postos máis importantes dentro da Igrexa eran ocupados por fillos de familias nobres.

A medida que avanzaba a Idade Media o terceiro estamento foi gañando poder, especialmente gracias ao comercio. Mentres que a nobreza pasaba o tempo guerreando e cazando, os mercadores e descubridores abriron rutas de comercio que xeraron grandes fortunas. Ademais, na Idade Media apareceron os bancos, e moitas familias de banqueiros e mercadores chegaron a ter máis cartos que os propios reis. Isto supuxo un cambio de mentalidade importante e a progresiva perda de poder da nobreza.

O feudalismo

Logo de ter visto como se dividía a sociedade medieval, cómpre entender como se relacionaban estes grupos. O sistema social, político e económico que se foi configurando dende a Alta Idade Media en Europa foi o Feudalismo: neste sistema os vasalos xuraban fidelidade a un señor a cambio de protección, e traballaban para el nas súas terras ou producindo outros materiais e utensilios.

O señor da terra pertencía á nobreza, pero neste sistema era posible que un nobre fora vasalo doutro nobre con máis poder, de xeito que se establecía unha xerarquía que remataba co rei. O clero tamén entraba neste sistema social, xa que había bispos e abades que eran señores feudais e tiñan grandes extensións de terreo en propiedade. De feito, a Igrexa acumulou grandes terreos grazas aos testamentos e doazóns que deixaba a xente para que rezaran polas súas almas ao morrer.

Este contrato social formalizábase nunha cerimonia que tiña dúas partes e na que o señor do territorio cedíalle a outro unha parte dese feudo. A primeira parte era a homenaxe. Nela, o vasalo poñíase de xeonllos diante do señor, coas mans unidas, e o señor acollíao e alzabao, demostrando a súa unión e protección. A segunda parte era a investidura, que consistía na entrega efectiva do feudo, que ás veces era simbolizado por unha rama de árbore ou un pouco de terra que o señor lle entregaba ao vasalo inmediatamente despois da homenaxe.

A muller na Idade Media

Todas e todos escoitamos falar, algunha vez, de Robin Hood, Drácula, Leonardo Fibonacci, Almanzor, Rodrigo Díaz de Vivar (O Cide), Atila, Marco Polo, Xelmírez, etc. É máis, seguro que todos eles aparecen mencionados en libros de texto que estudaron os vosos pais e as vosas nais.

Mais se falamos de Guntronda, Hildegarda von Bingen, Ilduara Eiriz, Inés de Castro, Jimena de Asturias, Leonor de Aquitania, Xoana de Castro, Teresa Díez, e algunha que outra máis, seguro que teríamos un par de problemas: A meirande parte delas non as coñecemos de nada e a case totalidade delas non aparecerían nos libros de texto das vosas nais e dos vosos pais, e xa non digamos nos libros das avoas e os avós.

Os dous grupos teñen algo común, viviron durante a Idade Media, mais mentres os homes foron recoñecidos no seu tempo e, as súas historias ou lendas, viviron ata a actualidade nos libros, as mulleres foron menosprezas no seu tempo e as súas historias esquecidas polas xeracións posteriores.

O Cristianismo impuxo, ao igual que o Xudaísmo ou o Islam, a súa forma de pensar e sentir na sociedade da Idade media. A autoridade na terra orixinábase no seu deus, cuxa vontade era que os privilexiados mandasen sobre os traballadores. Tratábase dunha sociedade patriarcal, en que todo xiraba ao redor da autoridade dos homes.

As mulleres eran silenciadas e sometidas polos homes das súas familias, que acordaban os seus matrimonios (cando aínda eran moi novas) polo interese das súas propias familias. Os musulmáns e os xudeus aceptaban a poligamia, mentres que os cristiáns só aceptaban matrimonios monógamos.

Nos reinos cristiáns había tres grupos de mulleres: Nobres, monxas e campesiñas.

- As nobres: vivían nos castelos rodeadas do seu servizo. A súa función vital era ter fillos, especialmente un varón para manter a liña hereditaria.

- As monxas: dedicábanse ao estudo e á oración. Organizábanse en dous grupos

1.- As fillas da nobreza, as que non casaban, ou cando enviuvaban, ocupaban os postos de abadesas. Estaban libres da meirande parte dos traballos do mosteiro ou abadía.

2.- As monxas de orixe humilde que se encargaban dos traballos de mantemento do mosteiro.

- As campesiñas: sufrían unha dobre discriminación, por ser mulleres e non privilexiadas e pobres. Ocupábanse de conseguir os alimentos e a auga para manter a familia, confeccionaban a roupa; coidaban a horta e o gando; criaban aos seus fillos e coidaban a saúde das súas familias.

Moitas son as mulleres con nome propio que chegaron ata os nosos días. Por desgraza, só falamos de mulleres de grupos sociais privilexiados.

- Leonor de Aquitania ou de Poitou (1122-1204): Duquesa de Aquitania. Raíña consorte de Francia e Inglaterra. O seu pai decidiu educala en aritmética, música, constelacións, cazar, cetrería, montar a cabalo,... e tarefas domésticas e costura. Está soterrada co seu fillo Ricardo "Corazón de León" en Francia.
- María de Molina (1264-1321): Natural de Terra de Campos (Valladolid) Raíña de Castela en tres ocasións, co seu home Sancho IV, co seu fillo, Fernando IV e co seu neto, Afonso XI.

- Ines de Castro (1320-1355): Nobre galega da familia de Castro (Monforte de Lemos). Mantivo unha relación co infante Pedro de Portugal. Foi asasinada por un problema dinástico entre a Coroa de Castela e a Coroa de Portugal, por orde do rei Afonso IV, pai de Pedro.
- Ildara Eiriz - Aldara de Celanova (890-958): Tamén coñecida como Santa Ildara, foi unha aristocrática galega, filla dos condes de Lugo. Foi nai de San Rosendo (abade fundador do mosteiro de Celanova).
- Exeria (século IV): Viaxeira e escritora hispanorromana, natural da Gallaecia (quizais do Bierzo). Escribiu un libro coñecido como "Itinerario de Exeria", no que contou as súas impresións na súa viaxe polos Santos Lugares.
- Hildegarda de Bingen (1098-1179): Abadesa beneditina alemana, erudita, que destacou como filósofa, escritora, dramaturga, iluminadora, compositora musical, científica, médica, naturalista, mística, profetisa, etc.

Castelos e fortalezas

A parte máis recoñecible dos castelos son as torres e as ameas, pero os castelos evolucionaron moito dende a Alta Idade Media ata os exemplos baixomedievais, que son os que se conservan.

En orixe os castelos eran construcións de madeira construídas sobre un terreo elevado, chamado mota, cunha cerca ao redor e, nos casos máis importantes, rodeadas dun foso. Co tempo, a pedra foi substituíndo á madeira e os muros fixéronse máis altos, colocáronse ameas e construíronse torreóns e grandes estruturas defensivas, coma pontes levadizas, barbacás, etc. A estrutura máis alta era a torre da homenaxe, que era o último lugar no que refuxiarse en caso de ataque inimigo.

Galicia é un territorio cheo de castelos e fortalezas, con algúns exemplos tan espectaculares como os de Monforte, Monterrei, Pambre, Soutomaior... Pero quizais o feito que máis chama a atención é a das igrexas e catedrais fortificadas, como pode ser a igrexa de San Pedro de Portomarín ou a propia catedral de Tui.

Estas fortificacións foron construídas para defenderse de inimigos próximos ou doutros que viñan de lonxe, como os viquingos! Para defender a costa dos ataques destes guerreiros do norte de Europa, no século dez (X) o bispo Cresconio de Santiago mandou levantar as Torres de Oeste, en Catoira, onde cada ano se celebra a Romaría Viquinga.

Os cabaleiros

Os cabaleiros eran a elite dos exércitos medievais, pero non todos os soldados eran cabaleiros. De feito, ser cabaleiro significaba pertencer a unha orde superior.

Para ser cabaleiro eran necesarias dúas cousas: a primeira, ser investido cabaleiro. De seguro que viches en películas ou series como un soldado se pon de xeonllos fronte ao rei e este lle toca nos ombreiros cunha espada. Trátase dunha cerimonia que tiña como finalidade simbolizar a nova orde á que pertencía o soldado, e soamente outro cabaleiro podía facer novos cabaleiros. Incluso os reis tiñan que pasar por esta cerimonia!

A segunda cousa necesaria era poder permitirse ser cabaleiro. O máis custoso para un cabaleiro era precisamente o cabalo de batalla. No século catorce (XIV) en Inglaterra un cabalo normal podía custar cinco (5) libras, mentres que un cabalo de batalla podía chegar facilmente ás cen (100). Tratábase de animais extremadamente caros, difíciles de manter e de adestrar, e en moitas ocasións morrían nas batallas.

Por outra banda, estaban as armas e o equipamento necesario. A arma por excelencia da Idade Media é a espada. Eran armas pesadas, longas, e estaban feitas de aceiro, aínda que os ferreiros medievais non sabían exactamente que era o aceiro. Había diferentes tipos de espadas, máis ou menos longas, para manexar cunha ou dúas mans, pero ademais os cabaleiros tamén empregaban lanzas e mazas ou machados.

Para se defender, os cabaleiros usaban armaduras. A imaxe que temos do cabaleiro todo cuberto de armadura de placas que parece case un robot é moi posterior, de finais da Idade Media. Na orixe, a armadura era de coiro e tiña partes metálicas para as zonas vitais. Ademais, os que o podían permitir levaban cota de malla, unha especie de tecido de ferro que impedía os cortes.

Se paseades por algunha vila cun casco histórico veredes moitos escudos nas fachadas dos edificios. Estes escudos servían para identificar ás familias e aos propietarios, e teñen a súa orixe na Idade Media. Cada vez había máis familias nobres, con fillos que creaban os seus propios escudos e que se modificaban cando casaban e incorporaban propiedades. Tanto se foi complicando a situación que na Baixa Idade Media crearonse "armoriais" ou libros nos que se recollían todos os escudos de armas das familias dalgunha rexión ou reino para poder identificalas! A disciplina que se encarga do seu estudo é a heráldica.

A arte na Idade Media

A arte románica

O románico é un dos estilos artísticos que se desenvolven no período medieval, xunto co gótico conforman as linguaxes de expresión nos diferentes campos das artes neste amplo período histórico, que é a Idade Media.

Este estilo está considerado tradicionalmente, como a primeira arte unificada do mundo cristián occidental. Desenvolveuse desde finais do século once (XI) e doce (XII), chegando nalgúñas áreas ata principios do século trece (XIII), coma foi o caso de Galicia. As súas orixes estiveron en Francia (Loira, Languedoc e Rosellón) e Italia (Lombardía), e desde esas rexións chegou á Península Ibérica, a través das vías de comunicación da época, sobre todo as peregrinacións.

É un estilo que fusiona moitas tendencias e tradicións artísticas europeas do seu tempo e anteriores coma, romanas, carolinxias, bizantinas, islámicas e mesmo de orixe local que van dar ao estilo certas particularidades en cada territorio, sen abandonar os seus trazos recoñecibles.

É importante destacar que a Europa deste período, non é igual á actual, os reinos tiñan fronteiras inestables e cambiantes, algúns tiñan duracións breves ou intermitentes coma o Reino de Galicia, outros foron o xerme dos estados actuais coma o Reino de Portugal. Non esquezas tampouco a situación da Península Ibérica. Practicamente dous terzos da súa superficie estaba ocupada polo Islam, neste territorio non se desenvolveu a arte románica.

Ademais, o románico era tamén reflexo da sociedade estamental. Os grupos privilexiados -clero e nobreza- actuaron como mecenas financiando as obras de arte. En moitos casos este tratábase dun fenómeno rural asociado aos feudos. Se a isto se engáde o espírito guerreiro característico da época, enténdese que algúns igrexas se levantaran a modo de fortificacións, castelos ou cidadelas amuralladas.

A difusión da arte románica lígase a diversos aspectos:

- O final das invasións -normandos, árabes, maias...- e a descomposición do Califato de Córdoba na Península Ibérica, que levaron ao restablecemento da paz no occidente cristián.
- A expansión das ordes relixiosas que difundiron o dogma cristián e a forma de transmitilo.
- O culto ás reliquias -partes do corpo, das vestimentas ou obxectos de santos/as que se gardaban nas igrexas. Estas fixeron que se establecesen rutas de peregrinación

aos lugares onde se atopaban. Este foi o caso, por exemplo, de Xerusalén ou Santiago de Compostela.

A arquitectura románica

O primeiro románico

O denominado primeiro románico, de principios do século once (XI), ten a súa orixe na zona da Lombardía, ao norte de Italia; en Normandía, ao norte de Francia, na Borgoña, na zona central de Francia, onde parece que naceu, e en Cataluña por influencia Lombarda.

A difusión do estilo realízase a través de difusión de obradoiros itinerantes de canteiros desas zonas. As construcións empregan, xeralmente, un tipo de aparello pequeno de pedra con dimensións parecidas ao ladrillo, e tallados de xeito irregular.

Cara ao exterior os muros están decorados por series de arquillos cegos e bandas lombardas. Polo xeral, esta decoración adoita empregarse en pequenos edificios. En Galicia temos un exemplo, a Igrexa, antes mosteiro, de San Antoniño de Toques. Unha doazón de terras que o rei de Galiza, Don García, concede en abril de 1067 ao mosteiro beneditino.

Aínda que as igrexas son, polo xeral de planta basilical, este exemplo por ser un templo de pequenas dimensións só ten unha nave.

Recollen este tipo de planta de tradición paleocristiá, dunha nave principal cadrada e outras laterais máis baixas, con filas de columnas, con ou sen cripta. Neste período desenvólvense notablemente as cabeceiras dos edificios, a parte da ábsida.

Moito máis coñecidas que o exemplo de San Antoniño son as igrexas da zona do Pireneo catalán que pola súa proximidade á zona de orixe encaixan moito mellor nas características deste primeiro románico.

- Cabeceiras desenvolvidas, fíxate que ten tres ábsidas, un para cada unha das naves interiores da planta basilical.
- Emprego de aparello irregular.
- Decoración exterior en bandas lombardas.

O románico pleno

Chegamos a finais do século once e principios do trece (ss. finais XI-principios XII). Denomínase románico pleno a arquitectura que se desenvolve en Europa occidental neste tempo. Agora poder ver un estilo xa maduro e capaz de crear grandes complexos

arquitectónicos, como as grandes igrexas de peregrinación, e grandes catedrais e centro monásticos coma os de Vezelay, Cluny, Moissac.

Fíxate agora como este estilo ten unhas características diferentes ás construcións do período anterior.

Os edificios están repletos de escultura monumental, decoranse as portadas e capiteis con programas iconográficos máis complexos, xeralmente o Xuízo Final, e as esculturas están policromadas. Todo o edificio está decorado, reservándose a pintura ao freso para o interior das igrexas.

Nos muros, emprégase o perpiaño, pedra cortada a escuadrada e pulida. Deixan de lado a pedra pequena e irregular do período anterior.

Para soste as cubertas, ademais doutros soportes úsase o piar composto e a columna. Os edificios fanse agora máis complexos, con múltiples volumes e alturas, máis grandes desenvolvendo as cabeceiras con xírolas e ábsidas máis complexas.

O Románico pleno propágase rapidamente por toda a Europa do século once (XI) pola influencia da unificación monástica de Cluny, que exporta o seu modelo a toda Europa para as súas edificacións e o auxe das peregrinacións, que van estender pola rede do Camiño, o modelo de Igrexa de Peregrinación. Podes saber moito máis destes edificios no apartado inferior.

Neste tempo xurdiu unha nova orde relixiosa. A orde de Cluny contribuíu decisivamente ao esplendor da arte románico, sendo un dos centros desde onde se expandiu ao resto de Europa a través da fundación de novos mosteiros. Fundáronse numerosas casas por toda Europa que dependían da casa nai, nun número impresionante: 850 en Francia, 52 en Italia, 109 en Alemaña, máis de 20 na Península Ibérica e 43 en Gran Bretaña, superando entre todas os 10.000 monxes en Europa.

Deste xeito converteuse nunha orde moi poderosa e un dos principais focos da vida intelectual e artística da Europa medieval, grazas a toda a súa rede de mosteiros. Debido á sistematización das súas construcións, construían segundo o modelo da igrexa orixinal, e a ser un dos puntos de partida para o Camiño de Santiago foi o centro de irradiación do románico e da Reforma Gregoriana da Igrexa.

Esta igrexa de Cluny que tes arriba, denominada Cluny 3 (III), era un grande espazo basilical, de 187 metros de lonxitude, dividido en cinco naves no corpo principal da igrexa, posúe un cruceiro dobre, (unha cruz con dous transeptos ou brazos curtos). Aos pes da igrexa ábrese un atrio ou pórtico para acoller os fieis.

O románico final

No século XII, a partir do seu derradeiro terzo, comezou o declinar da arte románica. En Francia, os mestres albaneis dos arredores de París déronlle á bóveda de crucería un novo papel, creando bóvedas que lanzan sobre naves máis altas, con máis e máis luz, nas grandes catedrais.

Comezan a aparecer os arcos apuntados, ao principio como simple recurso construtivo e máis tarde como arte ornamental, son máis elegantes. Case todas as igrexas dos mosteiros da nova orde relixiosa do Císter que leva o pulo constructivo en Europa nese momento, empregan estes arcos apuntados, ao mesmo tempo que se seguen usando os pesados contrafortes e arcadas de medio punto propias do románico. A orde cisterciense naceu como unha reforma da cluniacense anterior, co desexo dunha nova espiritualidade. Por iso buscan o ermo, os lugares afastados, como lugar de emprazamento para os seus mosteiros.

As súas edificacións carecen de decoracións, en harmonía cos principios da súa orde, marcada por un forte ascetismo e un compromiso coa pobreza. Desta maneira, logran espazos sinxelos e cun carácter propio. O seu estilo pertence á etapa final do románico e incorpora trazos do gótico primitivo, o que se coñece como «estilo de transición».

Pouco a pouco vaise conformando un novo estilo. O Gótico.

Noutras partes de Europa e tamén dentro Galicia, séguese construíndo en estilo románico, este é o tempo da finalización da catedral de Santiago. A grande catedral estaba aínda sen rematar. O proxecto previsto non se leva a cabo, partes desta estrutura incorpóranse á decoración da portada de Praterías.

O Mestre Mateo, un mestre construtor do que se pensa que tiña un orixe galego e parece que tiña unha dilatada carreira a súas costas ao longo do Camiño de Santiago, finaliza os derradeiros tramos das naves e o peche occidental, xa que a catedral estaba sen rematar, así como o seu pórtico e cripta. Todo elo nun estilo románico que continúa no estilo do xa feito en arquitectura, mantendo a unidade de estilo no interior, pero que rompe coa tradición en escultura.

Coa realización do peche occidental a estrutura da catedral queda fixada ata a realización das obras na nova fachada do Obradoiro, xa no Barroco.

A escultura románica

A escultura románica ten unha función didáctica moi marcada. O máis importante é transmitir unha mensaxe para crear un referente que ilustre á xente común que, nin era capaz de ler, nin entendía xa o latín no que se misaba. Por elo as principais fontes de inspiración foron os textos bíblicos, tamén os evanxeos apócrifos, que son todos aqueles fora dos catro oficiais (Mateo, Marcos, Lucas e Xoán), e que están cheos de anécdotas fantásticas da vida de Xesús, moi do gusto das xentes, as lendas de santos e os Bestiarios.

Para elo, para que foran doadamente entendibles polos fieis, as figuras non era necesario que foran bonitas, nin estar proporcionadas, nin ser naturalistas, as figuras debían ser recoñecibles. Para elo, os artistas empregaron unha serie de características que facían posible a súa identificación e a narración das historias sagradas. Trazos moi marcados, cartelas con seu nome, ou un atributo que os identifica na tradición. (por exemplo Pedro leva as chaves, Santiago vai vestido de peregrino.....)

Normalmente as esculturas máis importantes están nas portadas das igrexas, pois era o primeiro que vían os fieis. Ademais, os que non estaban bautizados quedaban fóra, no nártice, de aí a importancia de todo este conxunto. O tema máis repetido era o Xuízo Final, con Cristo no centro rodeado dos catro evanxelistas, os doce apóstolos ou os vinte e catro anciáns da Apocalipse.

Tamén se realizaban tallas en madeira e policromadas para os altares, nas que xeralmente se representaba a crucifixión. Eran moi importantes as esculturas dos capiteis, sobre todo nos claustros, ao redor dos cales camiñaban os monxes mentres lían. Alí, ademais dos temas relixiosos, representábanse tamén escenas da vida cotiá e, con frecuencia, animais reais ou fantásticos e decoración vexetal. Desta maneira a arte románica tiña un grande simbolismo.

- Van representar figuras hieráticas, moi ríxidas, sen movementos e sen expresividade.
- Empregan o que se chama perspectiva xerárquica. As figuras máis importantes son máis altas e destacan sobre o resto.
- Normalmente as figuras están contidas en formas xeométricas e simétricas. Como o máis importante era a narración, as figuras adáptanse ao marco arquitectónico. Capiteis, tímpanos, xambas..... as figuras atópanse en espazos moi reducidos, sen fondos nen profundidade.
- Policromía. As figuras, como moitas partes dos edificios estaban pintadas de vivas cores.

Como todo período artístico, e coma vimos coa arquitectura, a escultura románica pasa polas mesmas fases ao longo do tempo, pasando dunhas formas simples, rudas e

antinaturais, na fase inicial a unhas formas máis naturais, máis realistas, buscando a beleza das formas en non só a transmitir a mensaxe.

Igual que na arquitectura, as formas clásicas, romanas, serán un elemento de imitación e aprendizaxe, por iso nos lugares onde os restos son máis abundantes, as esculturas románicas son máis realistas, por que teñen exemplos para inspirarse e aprender.

En torno ó Ano mil, en toda Europa, empézase a desenvolver a unha grande actividade construtiva e, xunto con ela, a escultura empeza a desenvolverse como o seu complemento. Ao principio con elementos sinxelos, coma nos canzorros, capiteis ou pequenos elementos nos tímpanos, illados e moi xeométricos. Este é o tipo de escultura que decora os edificios da primeira fase do Románico, durante a primeira metade do século once (XI).

A comezos do século doce (XII), prodúcese un pulo na escultura, un desenvolvemento do xeito de representar as figuras, con máis volume, e tamén coa súa disposición. Agora non van ser formas illadas, senón que van constituír escenas máis elaboradas, desenvolvendo un carácter narrativo. Vanse representar escenas completas, xeralmente tomadas da Biblia.

Como a escultura segue á arquitectura, vaise ver tamén beneficiada polo desenvolvemento construtivo do século doce (XII). O románico esténdese por Europa, e grazas ao auxe das peregrinacións, créanse ou engrandécense centros de peregrinación, coma os grandes santuarios de, santa Fe de Conques, San Sernín de Toulouse, San Marcial de Limoges, San Martín de Tours e Santiago de Compostela ao longo das vías do camiño de Santiago.

A pintura románica

A pintura é de todas as artes a que menos se conserva, debido a súa fragilidade, e que se desenvolvía no interior das igrexas e polo fume das candeas e o uso degradábanse e eran substituídas por outras ou directamente encaladas. Os mellores exemplos son as pinturas do Penteón Real de San Isidoro de León; os frescos de San Clemente y Santa María de Tahull, no Val de Bohí no Pireneo catalán; e no caso de Galicia as pinturas da basílica de San Martiño de Mondoñedo (Foz). Todas estes exemplos son do século doce (XII).

Entre as características xerais da pintura románica destácanse:

- A técnica do fresco para a pintura mural en paredes e ábsidas do interior das igrexas, como neste caso.
- Grande influencia da arte bizantina sobre todo na estilización, o hieratismo e o siluetado das figuras. Empregan unhas figuras esquemáticas que son silueteadas de vermello e con anatomías desproporcionadas, sen perspectiva lineal nin profundidade.

- Emprego de cores planas, puras e brillantes, sen mesturas, como contrapunto á escuridade dos interiores.
- Os temas son relixiosos, cunha función didáctica, incluíndo contidos alegóricos, igual que na escultura.
- A composición é antinatural, sen profundidade nin sombras nin introdución da paisaxe, utilizando só a perspectiva xerárquica.
- A severidade e a maxestade son dúas características básicas de figuras como a de Cristo como Pantocrator.

A arte gótica

A arquitectura gótica

A arquitectura gótica representa unha ruptura enorme da arquitectura románica. Ao final do século XV os edificios góticos van ser tan altos, tan luminosos e tan decorados como nunca se vira ata ese momento.

Novos elementos arquitectónicos:

- **Bóvedas de crucería:** As bóvedas de crucería tamén se chaman bóvedas nervadas porque, efectivamente, teñen nervios! Os nervios son esas estruturas de pedra que comezan nas columnas e que continúan pola bóveda ata xuntarse no medio, na clave. Estes nervios son propios da arquitectura gótica, e transmiten a falsa idea de estar soportando o peso das cubertas, pero non é así. Por dicilo dalgunha maneira, son uns falsos soportes máis decorativos que funcionais.
- **Arcos apuntados:** Mentres que no románico os arcos eran de medio punto, como na época clásica, na arquitectura gótica empregarán arcos apuntados, que son máis fortes e permiten levantar edificios máis altos, xa que soportan mellor as presións das bóvedas. Por que ocorre isto? Porque ao ter un remate máis apuntado as presións distribúense mellor cara os laterais, e non tanto sobre o propio arco.
- **Arcobotantes:** Os arcobotantes son un invento da arquitectura gótica que permitiron levantar grandes edificios ademais de abrir grandes ventás, creando así grandes espazos diáfanos e moi luminosos. Estas estruturas pódense ver no exterior dos edificios, e son uns arcos que van dende o muro ata uns contrafortes illados. Esta innovación fixo que os muros soportaran moito menos peso e, por tanto, podíanse abrir enormes ventás.
- **Novos elementos decorativos:** A medida que o estilo foi evolucionando apareceron novos elementos decorativos que se incorporaron á arquitectura. Os dous principais elementos que aparecen nas últimas fases da arquitectura gótica son os gabletes e os pináculos.

- Os gabletes son uns frontóns triangulares que se colocan enriba dos vanos, xa sexan fiestras ou portais. Estes elementos están moi decorados e ás veces soamente son elementos de tracería que unicamente teñen unha función ornamental.
- Os pináculos son uns elementos que teñen forma de piña, de aí o nome, e están colocados enriba dos contrafortes ou rematando as torres dos edificios. Estes pináculos, ademais de ter unha función decorativa tamén teñen unha misión estrutural, xa que engaden peso ao contraforte na parte superior, mellorando a súa estabilidade e facendo que soporte mellor o peso dos arcos e os arbotantes que se apoian nel.
- As tracerías son elementos decorativos que se colocan no interior dos vanos, é dicir, das fiestras, e serven para dividir o espazo delas e para decorar. Por exemplo, o máis sinxelo é abrir un oco no muro e deixalo así, como ocorre na arte románica. Pero no gótico decidiron decorar estes vanos, pois eran demasiado grandes. Deste xeito foron complicándose e evolucionando cara exemplos cada vez máis elaborados e decorados.
- Novas tipoloxías de edificios: Nos últimos séculos da Idade Media construíuse moito e as cidades creceron rapidamente. Ademais, cada vez máis membros do terceiro estamento tiñan máis riqueza, de xeito que construíron pazos como os da nobreza ou centros de comercio, como as lonxas e as bolsas. A verdade é que conservamos moitos máis edificios laicos de estilo gótico que románico, xa que a meirande parte dos edificios conservados dos séculos X-XII son relixiosos (igrejas ou catedrais) ou están relacionados directamente co clero. No caso dos séculos XIII-XV contamos con importantes exemplos de edificios non relixiosos, como a casa de Jacques Coeur en Bourges (Francia) ou a lonxa de Valencia. Outro edificio impresionante é o concello de Lovaina, en Bélxica, que foi construído dende o principio para ser a sede do goberno da cidade.

As fases da arquitectura gótica:

1. Gótico inicial (século doce, XII): Trátase dun período de transición entre o románico e o gótico. Os arcos comezan a ser lixeiramente apuntados e os edificios son máis altos. Ademais as esculturas son máis naturalistas e cada vez gañan máis expresividade. Tradicionalmente considérase que o primeiro edificio gótico é a abadía de Saint Denis, preto de París (Francia). Alí, o abade Suger decidiu renovar a igrexa do mosteiro pola importancia que tiña como panteón dos reis de Francia.
2. Gótico clásico (século trece, XIII): O seguinte período é no que o estilo xa está plenamente asentado e xa se fai un uso xeneralizado dos arcos apuntados e dos arcobotantes. O exemplo máis significativo é a fachada da catedral de Notre Dame de París: aquí podes ver como xa se configura a fachada principal con tres portais, aparece unha galería decorada con estatuas de reis e no medio da fachada destaca un grande rosetón, mentres que aos lados se colocan dúas torres. Estes serán

elementos máis ou menos comúns a todas as catedrais, pero pode haber diferenzas: algunhas poden non ter galería de reis, ou poden ter cinco portais en lugar de tres. En canto ao gótico clásico no interior das catedrais, un bo exemplo é o da catedral de Reims, que era o lugar onde se coroaban os reis de Francia. Un exemplo de gótico clásico preto de nós está na catedral de León, que se inspira no exemplo de Reims, en Francia.

3. Gótico radiante (séculos trece-catorce, XIII-XIV): Segundo foron avanzando as técnicas construtivas, os arquitectos e albaneis do período foron buscando unha maior altura dos edificios e muros cada vez máis finos nos que abrir grandes vanos. Cada cidade competía por ter a catedral máis grande e máis luminosa, chegando a construír verdadeiros rañaceos medievais! De feito, algunhas catedrais caeron porque os medios técnicos non estaban preparados para soportar tanto peso e tantas presións. Porén, algúns dos mellores exemplos deste período non son precisamente os máis altos. Un caso excepcional é a Sainte Chapelle de París, construída durante o reinado de Luis IX de Francia para gardar a súa colección de reliquias. Se observas a foto verás que practicamente todos os muros están baleiros e ocupados por vidreiras de cores, creando una arquitectura que non ten nada que ver co interior escuro das igrexas románicas.
4. Gótico flamíxero (século quince, XV): A última fase da arte gótica chámase gótico flamíxero porque os edificios parece que están ardendo debido á multitude de gabletes e pináculos que decoran os seus exteriores. Trátase dunha fase moi decorativa onde se busca un efecto que se chama "*horror vacui*", que quere dicir "horror ao baleiro", porque non queda ningunha superficie sen decorar. Tecnicamente non se diferencia do gótico radiante, xa que emprega os mesmos recursos arquitectónicos, pero os edificios son moito máis rechamantes.

A escultura gótica

No campo da escultura, o gótico destaca por incidir nun maior naturalismo e na busca das emocións nas esculturas. Aínda que habitualmente se di que a escultura románica non ten expresividade isto non é certo, o que ocorre é que a escultura gótica, sobre todo a finais, é moi expresiva! Ademais, dende o século dez (X) ata o século trece (XIII) a meirande parte da produción artística conservada é de temática relixiosa, sen embargo coa adquisición de riqueza por parte de mercadores e da nobreza a partires do século trece (XIII) conservamos máis arte de temas laicos: o amor cortés, as historias de heroicos cabaleiros ou a representación de oficios e traballos será común tanto na escultura como na pintura.

Por outra banda, a escultura monumental -a escultura de gran tamaño que está decorando os edificios- seguiu ocupando o mesmo lugar que nas igrexas románicas. É dicir, seguían decorando tímpanos de portadas e as columnas das xambas, pero a gran novidade é que agora estas esculturas cada vez despéganse máis do muro e da columna, pasando de ser relevos a esculturas exentas.

A pintura gótica

A pintura gótica segue o que xa vimos na arquitectura e na escultura: as figuras alónganse e fanse máis naturais, aparece unha maior expresividade e interactúan entre elas. Como ocorre no románico, a meirande parte da pintura gótica é de temática relixiosa, aínda que hai pinturas con motivos laicos, case sempre sobre heroes e cabaleiros ou co tema do amor cortés.

Un dos principais cambios respecto do románico é que progresivamente vaíse pintando menos nos muros e máis en retablos.

Outro importante soporte da pintura foron os libros. Pensade que durante os séculos anteriores case todos os libros conservados eran obras clásicas que foran copiadas durante a Idade Media ou libros relixiosos. Agora créanse novos libros, como esas novelas artúricas das que falabamos, ou compilacións de poemas, como os cancioneros galego-portugueses. Os libros eran obxectos de luxo, e pensade que moi pouca xente era capaz de ler e escribir. Ademais, agora para facer un libro é tan fácil como darlle a imprimir no ordenador, pero na Idade Media o proceso era moito máis complexo!

As ilustracións dos libros chámanse miniaturas, e non é porque sexan moi pequenas! O termo vén do verbo "miniare", que en latín quere dicir "decorar con minio". O minio é un mineral co que se facían as tintas coas que se escribía ou se debuxaba. Por certo, os libros medievais non eran de papel: na Idade Media escribíase sobre pergameo, que é un material feito coa pel dos animais.

Por último, durante o período gótico prodúcese un tipo de pintura moi especial polo soporte no que se pinta: a vidreira. As vidreiras son anacos de cristal colorados que se unen con chumbo para crear un debuxo, e están colocadas nas ventás das igrexas e catedrais, polo que os temas que se representan son case sempre relixiosos. Estas vidreiras serán uns elementos moi importantes, xa que cambian completamente a sensación que se ten cando se entra nun edificio gótico: fronte a escuridade das igrexas románicas, dise que o gótico é a arte da luz e da cor, en grande parte grazas ao efecto das vidreiras.

A arte hispanomusulmana

O Islam e a súa influencia na arte

O Islam é unha relixión monoteísta, practicada polos musulmáns, que cren nun só deus, Alá ou Allah, e no seu profeta Mahoma. O seu libro sagrado, O Corán, recompila as obrigas e preceptos, que rexen a súa forma de vida. Esta relixión baséase en 5 cinco obrigas fundamentais: A profesión de fe (non hai máis Deus que Alá e o seu profeta é Mahoma), a oración (5 veces ao día cara á Meca), o xaxún e a peregrinación á Meca.

O edificio de culto dos árabes é a **mesquita**, que non é o lugar onde vive a súa divindade, senón o lugar onde os musulmáns rezan a Alá e invocan o seu nome. Para rezar, os musulmáns oriéntanse cara á Gran Mesquita de A Meca (Arabia Saudí), o lugar santo do Islam. No centro do seu patio está a **Kaaba**, construción en forma de cubo que alberga unha pedra negra, un meteorito que caeu do paraíso no que vivían Adán e Eva e que se volveu negro polos pecados dos homes e das mulleres.

A cidade musulmá. A Medina.

Os árabes vivían en cidades, que eran os centros administrativos, políticos, militares e económicos do mundo musulmán. Nelas confluían as grandes rutas comerciais.

As cidades estaban rodeadas de altas murallas para defenderse, con rúas estreitas e irregulares intramuros. Tiñan servizo de sumideiros e abastecíanse de auga. Estaban moi poboadas, polo que as casas estaban moi amoreadas. Estas tiñan fachadas pouco destacadas, sobrias, e con poucas aperturas ao exterior. O interior das construcións adoitaban ser moi luxoso.

Os elementos máis importantes das cidades son: os seus mercados, chamados **zocos ou bazares**; O centro da cidade ou **medina**, a parte máis antiga; o **alcázar** onde vivían os gobernantes; a **alcazaba**: un recinto amurallado-fortificado; a **mesquita ou alxama**: edificio relixioso; os **baños árabes ou hamman** (zonas públicas de ocio, encontro e de hixiene persoal); a **madrassa** (escola teolóxica, onde aprendían o Corán).

Os ricos vivían en barrios residenciais e, nos arrabaldes, fóra da medina, vivían os crentes doutras relixións.

A Mesquita. O edificio relixioso.

A mesquita é o lugar no que os musulmán rezan ao seu deus, onde non hai imaxes no seu interior (prohíbeas o Corán), nin se celebran sacrificios, nin está presente a divindades, só é o espazo para axeonllarse os fieis. Ademais dun edificio relixioso serve para administrar xustiza, lugar de refuxio para peregrinos e sabios, así como escola para ensinar o Corán.

Os seus principais elementos son: o **minarete ou alminar** (torre onde se chama aos fieis á oración); un **patio**, cunha fonte, onde os musulmáns fan as súas ablucións; o **haram** ou sala de oracións; o muro da **Quibla**, onde está o **mihrab**, fornela que indica a dirección da Meca.

A arte hispanomusulmá

A arte islámica é unha das manifestacións artísticas máis características do sur da Península Ibérica durante a Idade Media. A arte desenvolta en Al-Andalus é coñecida como **arte hispanomusulmá**. Esta arte caracterízase polo seu **eclecticismo**, é dicir, a mestura de elementos de distintos estilos artísticos, das terras conquistadas, para crear un estilo propio. As súas influencias foron: exipcias, romanas, bizantinas ou visigodas.

Destacaron pola súa **arquitectura** como unha representación do poder político e relixioso dos seus gobernantes (palacios e mesquitas). Entre eles destacan:

- Do período califal: Mesquita de Córdoba, a cidade de Median Azahara (Córdoba).
- Dos reinos taifas: A alxafería de Zaragoza e o Palacio da Alhambra (Granada)
- Do período almohade: Xiralda e a Torre de Ouro (Sevilla)

Por influencias da súa relixión non houbo case traballos de escultura (destaca en España a fonte do Patio dos Leóns da Alhambra de Granada) ou pintura, salvo as **pinturas** que decoraban libros científicos ou contos.

Tamén destacaron en **artes menores** como a **cerámica**, realizada en barro cocido vitrificado; **artes suntuarias** de ouro, prata e xoias; os mosaicos (realizados con **teselas** de diferentes formas e cores), os traballos con **tecidos** (sedas, brocados en ouro e prata) ou a **eboraria** (traballos sobre marfil).

Os árabes desenvolveron a súa arte na **Península Ibérica** durante os oito séculos de presenza nela, mais o seu estilo artístico enriqueceuse grazas aos cristiáns que vivían en territorio musulmán (os **mozárabes**) e os musulmáns que emigraron ou quedaron en territorio cristiá (os **mudéxares**).

